

Segundo texto publicado no suplemento *Nordésia* do Diario de Ferrol, o día 30 de maio de 2004.-

## **O que dixó o trebón**

*¿Qué é ese ruído alto no aire  
murmurio de maternal lamento?  
(T.S. Eliot. A terra  
baldía)*

Ao remate da cea faleilles aos amigos das *Danzas Húngaras* de Brahms, conteilles cómo aquela mesma tarde calcara no botón do mando a distancia deitado xa no sofá cos ollos case pechados e cómo me deixara adurmiñar arrolado pola melodía que sulagaba o salón. Aínda que composta para piano a catro mans, a miña era unha versión para orquestra: impetuosos comezos seguidos de momentos marcados pola serenidade, que daban paso a abruptas alternancias de ritmo... Corda, vento, percusión... Cada instrumento aportaba as características que lle eran propias para entre todos ser quen de construíren aquelas maravillosas composicións. Acabara dando en pensar que probablemente na diversidade, no sempre variante xogo de contrastes, fermoso á vez que indomable, reside a grandeza deste mundo que nos tocou habitar, cuberto na súa meirande parte por inmensas e misteriosas masas de auga que agachan as engurras de ancián que nunca deixan de saírlle encol da pel a este vello planeta nos seus recunchos máis inexpugnables.

A cada momento unha infinda gama de seres variopintos e diversos desenvolven no silencio dos mares unha improvisada coreografía de inimitable beleza. Enormes baleas achéganse de cando en vez á superficie na procura da

súa necesaria ración de ar, mentres á súa beira nadan con aparente despiste as criaturiñas máis pequerrechas. E todo isto acontece mentres unhas silandeiras tartarugas navegan solitarias coa pesada carga das súas cunchas ás veces incluso medio aburridas de ter que nadar tan lentas.

Mais no exterior dos océanos a diversidade sempre acaba tornándose ácida, amarga, agre, abafante... Estamos a habitar o mesmo terruño ermo e seco que T. S. Eliot describira nos escuros versos de *A terra baldía*, publicados en 1922 logo dunha terapia psicoanalítica en Lausanne, para retratar o declive moral da sociedade da súa época e para procurar unhas pautas coas que poder afrontar o caos que percibía nela.

Tiresias, “*vello de engurrados peitos*”, o adiviño cego da cidade de Tebas, presente na terceira parte do poema, non é quen de ver, por mor da súa cegueira, a esterilidade e maila morte da terra reseca. “*O vento / atravesa a terra cincenta, sen ser oído*”. ¿Qué farías agora, meu pobre Tiresias, perante os terribles acontecementos que están a sucederse no planeta? Pais e nais de nenos palestinos correndo polas rúas cos seus fillos no colo vertendo sangue en regueiros longos e mestos, berros de dor tralo último bombardeo dos obuses, que non vai ser o derradeiro, inmensos campos de refuxiados que zumegan implacables cheiros de pobreza, presos iraquianos espidos e sucios amoreados coma a carne dun matadoiro clandestino mentres os soldados americanos rin a cachón e fan mofa da súas arrepiantes ocorrencias. Aillamento sensorial continuado baixo a calor de Guantánamo, homes coa testa cuberta con bolsas do

lixo axionllados nas portas das celas... *“Eu que sentei en Tebas a carón do muro / e camiñei entre os máis humildes mortos”*.

Ai se ti viras, Tiresias, cómo acotío intentan chegar onda nós centos de homes e mulleres que viaxan dende os recunchos máis lonxanos deste reseco planeta fuxindo das súas respectivas miserias, navegantes que desafían longas noites no mar escuro, arrecunchados uns contra dos outros, malpocados, no reducido interior dunha miserenta gamela que loita contra das ondas feroces e a friaxe. A diario recibimos impasibles a noticia das praias onde se estenden os seus cadáveres, ou ollamos con indiferencia como loitan contra a hipotermia cubréndose con mantas. *“Unha corrente submarina / acolleu os seus ósos entre murmurios”*. Nada dicimos. Sempre ficamos calados.

Todo arredor deste mundo onde vivimos tan ausentes e felices, pousemos as olladas onde sexa, exténdese un tenebroso reino de matanzas e de guerra, de granadas e machetes, unha terra baldía polos rigores da máis inesgotable pobreza. Un novo xeito de escravitude anda polo mundo segando a vida das máis novas xeracións doutras terras. *“O meu pobo humilde pobo que nada espera / nada”*. Quizais cómpre que aprendamos das tartarugas e as baleas: viven nun mar que carece de fronteiras.

*“Aquel que vivía está agora morto / nós que viviamos estamos agora morrendo”*, suxire Eliot na parte final do poema. Só parece enxergarse unha solución para a terrible sequidade deste planeta tan ermo e tan cruento: o ruído dunha treboada rachando o ceo, ecoando na terra baldía e reseca.

¿E logo que foi o que dixo o trebón?

Dixo que ten que cair unha chuvieira intensa que poda borrar do mundo  
todas estas miserias.

© Xesús Constela Doce. 2004

Nota do autor: todas as citas de T. S. Eliot proveñen da espléndida versión galega do poema *The waste Land* efectuada por Armando Requeixo e M<sup>a</sup> Fe González Fernández. Os meus parabéns e o meu agradecemento aos tradutores.